- Unha importante suba da poboación inactiva en todas as provincias en 2020 (23.900 persoas), especialmente na Coruña (19.100).
- Como en anos anteriores, máis da metade da poboación inactiva (56,7%) atópase no grupo de "retirados/as xubilados/as, pensionistas".
- O segundo grupo por importancia é o de "labores do fogar", ata alcanzar o 19,0%.
- O grupo de "estudantes" representa o 14,7% da poboación inactiva.
- As porcentaxes por grupos en 2020 son moi similares aos obtidos en 2019.

Cadro 4.45

Población inactiva por tipo de inactividade. Galicia-provincias. 2015- 2020

	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Total						
A Coruña	440,6	438,4	437,9	437,5	437,8	456,9
Lugo	143,5	142,0	142,4	140,7	141,9	140,5
Ourense	145,8	143,8	142,5	141,0	141,3	141,9
Pontevedra	367,6	369,5	370,8	371,4	373,3	378,7
Galicia	1.097,5	1.093,7	1.093,6	1.090,5	1.094,2	1.118,1
Estudantes						
A Coruña	59,9	57,1	58,9	62,7	64,1	71,9
Lugo	15,6	16,8	17,6	17,5	15,2	16,9
Ourense	15,3	15,2	14,6	14,7	14,8	16,0
Pontevedra	53,2	53,2	53,0	56,8	58,6	59,3
Galicia	144,0	142,2	144,0	151,7	152,8	164,1
Retirados/as, xubilados/as e pensionistas						
A Coruña	251,0	255,0	252,0	252,3	249,7	252,0
Lugo	92,7	91,3	92,1	92,5	92,2	91,3
Ourense	89,3	89,2	91,0	88,8	88,7	87,6
Pontevedra	197,1	200,4	198,9	196,4	201,7	202,7
Galicia	630,1	635,9	634,0	630,1	632,2	633,6
Labores da casa						
A Coruña	88,3	86,4	86,5	83,6	83,7	90,7
Lugo	20,1	21,9	19,3	17,7	19,4	19,3
Ourense	25,2	24,0	23,2	21,8	22,0	22,9
Pontevedra	79,8	80,4	80,7	78,5	72,7	79,0
Galicia	213,4	212,6	209,7	201,5	197,8	211,9
Outra situación						
A Coruña	39,3	38,2	37,4	34,4	35,9	36,1
Lugo	13,9	11,1	12,2	11,6	13,4	11,4
Ourense	15,5	14,9	12,7	14,5	14,8	14,5
Pontevedra	33,3	33,5	35,3	35,8	35,6	34,0
Galicia	102,0	97,8	97,5	96,4	99,8	96,0
Non sabe. Non refire estado de inactividade						
A Coruña	2,3	1,8	3,1	4,5	4,3	6,2
Lugo	1,2	1,0	1,2	1,4	1,7	1,7
Ourense	0,5	0,5	1,1	1,1	1,1	0,9
Pontevedra	4,1	2,0	2,9	3,9	4,6	3,7
Galicia	8,0	5,3	8,4	10,9	11,7	12,5

Datos en miles.
Fonte: IGE, INE. EPA.

Para rematar este apartado, realízase unha breve análise da situación da poboación inactiva no resto das CC.AA. no cuarto trimestre de 2020 (cadros 4.46 e 4.47).

Galicia segue a ser a comunidade con maior porcentaxe de persoas inactivas no grupo de "xubilados e prexubilados" (47,3 %), seguida de Cataluña (44,4 %). A media estatal é de 39,2 %.

No grupo de "estudantes" a porcentaxe de Galicia (15,6 %) é inferior ao resto das CC.AA, despois de Asturias (13,0 %) e Castela e León (14,7 %), namentres o indicador para España é do 18,2 %.

No grupo de "labores do fogar" Galicia cun 17,7% presenta a porcentaxe máis baixa do Estado (22,4 %).

En derradeiro lugar, no ano 2020 a porcentaxe de "incapacidade permanente" é do 7,6% (igual ca media estatal).

Cadro 4.46

Poboación inactiva por situación de inactividade e comunidade autónoma. 2020

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacidade permanente	Perceptor/a de pensión distinta de xubilación ou prexubilación	Outras situacións ⁽¹⁾
Andalucía	3.049,1	580,3	1.009,4	786,6	261,8	322,6	88,4
Aragón	462,3	78,4	197,3	100,5	30,9	45,4	9,8
Asturias	441,5	57,4	191,6	94,1	29,4	50,0	19,1
Baleares	391,8	72,5	149,3	107,2	21,2	24,5	17,1
Canarias	820,2	160,9	250,1	219,8	62,7	82,1	44,7
Cantabria	228,1	38,5	89,8	48,2	21,2	23,8	6,7
Castela e León	933,5	137,4	401,4	213,8	70,1	95,1	15,7
Castela- A Mancha	703,1	143,1	235,0	188,2	53,1	69,6	14,1
Cataluña	2.462,6	409,7	1.093,8	487,4	132,5	267,0	72,3
C. Valenciana	1.792,9	325,7	710,4	382,8	172,8	148,7	52,4
Extremadura	403,1	72,1	144,1	91,7	33,9	50,4	10,9
Galicia	1.116,1	174,3	528,2	197,9	85,1	106,2	24,3
Madrid	2.053,8	425,8	835,7	419,4	129,4	191,7	51,8
Murcia	508,4	115,5	171,8	127,5	41,7	43,5	8,4
Navarra	227,5	47,2	94,1	41,6	18,1	20,4	6,1
País Vasco	819,3	139,8	341,4	162,4	74,8	79,6	21,3
A Ríoxa	107,5	18,3	46,2	22,5	8,5	9,9	2,1
Ceuta	29,0	7,5	6,5	8,6	2,4	2,7	1,2
Melilla	21,6	6,1	4,5	4,5	2,0	2,9	1,6
Total	16.571,4	3.010,5	6.500,5	3.704,6	1.251,6	1.636,2	468,0

(1) A categoría "Outra situación" inclúe as persoas inactivas que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Datos en miles.

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2020.

Cadro 4.47

Poboación inactiva por clase principal de inactividade e comunidade autónoma. 2020.
Porcentaxe respecto do total de cada comunidade autónoma

	Total	Estudante	Xubilado/a ou prexubilado/a	Labores do fogar	Incapacidade permanente	Perceptor/a de pensión distinta da de xub. ou prexub.	Outras situacións ⁽¹⁾
Andalucía	100	19,0	33,1	25,8	8,6	10,6	2,9
Aragón	100	17,0	42,7	21,7	6,7	9,8	2,1
Asturias	100	13,0	43,4	21,3	6,6	11,3	4,3
Baleares	100	18,5	38,1	27,4	5,4	6,3	4,4
Canarias	100	19,6	30,5	26,8	7,6	10,0	5,4
Cantabria	100	16,9	39,4	21,1	9,3	10,4	2,9
Castela e León	100	14,7	43,0	22,9	7,5	10,2	1,7
Castela-A Mancha	100	20,3	33,4	26,8	7,6	9,9	2,0
Cataluña	100	16,6	44,4	19,8	5,4	10,8	2,9
C. Valenciana	100	18,2	39,6	21,4	9,6	8,3	2,9
Extremadura	100	17,9	35,7	22,7	8,4	12,5	2,7
Galicia	100	15,6	47,3	17,7	7,6	9,5	2,2
Madrid	100	20,7	40,7	20,4	6,3	9,3	2,5
Murcia	100	22,7	33,8	25,1	8,2	8,6	1,6
Navarra	100	20,7	41,4	18,3	8,0	8,9	2,7
País Vasco	100	17,1	41,7	19,8	9,1	9,7	2,6
A Ríoxa	100	17,1	42,9	20,9	7,9	9,2	1,9
Ceuta	100	25,9	22,6	29,9	8,2	9,3	4,1
Melilla	100	28,4	20,7	20,6	9,4	13,3	7,6
Total	100	18,2	39,2	22,4	7,6	9,9	2,8

(1) A categoría "Outra situación" inclúe as persoas inactivas que non mencionan ningunha situación de inactividade e declaran estar buscando emprego ou traballar.

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2020.

Na clasificación por idades (cadro 4.48) destaca que a maior porcentaxe de persoas inactivas, para o cuarto trimestre de 2020, dáse nas maiores de 65 anos co 58,9%

(52,7% en España). Castela-A Mancha é a comunidade autónoma coa porcentaxe máis alta neste tramo de idade (59,8%) e a Cidade Autónoma de Melilla é a que a ten máis baixa (30,8 %). Séguenlle as pertencentes ao grupo de idade de 55 a 64 anos co 13,4% en Galicia (14,1% en España). Asturias é a comunidade que conta cun maior número de persoas inactivas neste tramo de idade (16,1%) e Madrid a que menos (11,8%).

En Galicia, a menor porcentaxe de persoas inactivas por grupo de idade encóntrase no intervalo de 25 a 34 anos co 4,0% (4,3% en España). País Vasco (2,9%) e a comunidade cunha porcentaxe máis baixa neste tramo e a Cidade Autónoma de Ceuta a que ten a porcentaxe máis elevada (8,9%).

Cadro 4.48

Poboación inactiva por grupos de idade e comunidade autónoma. 2020. Porcentaxes respecto do total de cada comunidade autónoma

	Total	De 16 a 19 anos	De 20 a 24 anos	De 25 a 34 anos	De 35 a 44 anos	De 45 a 54 anos	De 55 a 64 anos	De 65 e anos máis anos
Andalucía	100	10,8	7,9	4,5	5,4	8,9	15,9	46,7
Aragón	100	9,9	5,6	4,4	4,1	5,3	12,9	57,9
Asturias	100	6,8	5,0	4,2	3,6	6,9	16,1	57,4
Baleares	100	10,3	7,9	6,9	8,2	7,3	12,8	46,6
Canarias	100	10,3	8,1	5,8	6,4	10,4	15,5	43,4
Cantabria	100	9,1	6,7	3,7	4,2	6,8	14,7	54,8
Castela-A Mancha	100	8,2	6,1	3,0	3,5	5,4	14,0	59,8
Castela e León	100	11,2	7,7	4,8	3,5	7,0	15,0	50,7
Cataluña	100	10,9	6,0	4,0	4,2	5,6	13,6	55,8
C. Valenciana	100	10,1	6,9	4,4	5,1	6,4	14,3	52,8
Extremadura	100	9,3	7,4	3,9	4,4	6,7	16,6	51,7
Galicia	100	7,5	6,2	4,0	3,8	6,2	13,4	58,9
Madrid	100	12,0	7,6	3,9	4,5	5,3	11,8	54,9
Murcia	100	12,5	8,4	5,2	6,5	9,8	13,2	44,5
Navarra	100	12,0	7,6	4,4	3,0	5,8	14,1	53,2
País Vasco	100	9,7	6,5	2,9	4,1	4,9	14,1	57,8
A Ríoxa	100	10,7	6,1	4,5	3,9	3,9	12,3	58,7
Ceuta	100	13,6	11,0	8,9	4,6	8,6	14,4	38,9
Melilla	100	18,0	12,4	6,8	9,8	8,4	13,9	30,8
Total	100	10,3	7,0	4,3	4,7	6,8	14,1	52,7

Fonte: INE, EPA, 4º trimestre de 2020.

4.8. O subsistema de formación para o emprego

4.8.1. Introducción. Antecedentes

A formación profesional que imos tratar neste capítulo non é o ensino profesional regrado impartido dentro do sistema educativo, senón a coñecida como formación ocupacional para o emprego que abarca tanto a dirixida a persoas ocupadas co obxecto de mellorar a súa cualificación profesional (formación continua) como a destinada a persoas desempregadas (formación ocupacional) coa finalidade de adquirir as habilidades que lle permitan integrarse no mercado laboral.

A actual normativa, **Lei 30/2015**, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, sinala que o seu obxecto é regular no marco xeral do Sistema Nacional das Cualificacións e Formación Profesional,

a planificación e financiamento do sistema, a programación e execución das accións formativas, o control, o seguimento e o réxime sancionador, así como a avaliación e o control da calidade.

Pero con anterioridade a esta Lei xorden os Acordos sobre o subsistema de formación continua, como importantes fitos do dialogo social e negociación colectiva no ámbito da formación ocupacional.

O seu obxectivo fundamental foi implantar e estender en empresas e persoal traballador unha cultura de formación permanente, creando un sistema de axudas á formación continua.

Ata 1993, o Sistema de Formación Profesional estaba integrado por dous subsistemas: a formación regrada, enmarcada no ámbito da Administración laboral e dirixida a desempregados a través do Plan de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP).

A formación continua era unha actividade residual que só realizaban as grandes empresas.

Foi neste marco do I Acordo Nacional de Formación Continua onde comezouse a regular a formación continua coa participación das organizacións empresariais, sindicais e Goberno. Destinouse unha parte da cota de formación profesional ao financiamento da formación continua. Este modelo foi materializado no FORCEM.

En 1996 asínase o II Acordo Nacional de Formación Continua e no 2000 os III ANFC.

En 2001 créase a Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

En 2002 promúlgase a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

En 2003, o Real decreto 1046/2003, que regula o subsistema de formación continua, inscribe a súa regulación no ámbito da lexislación laboral.

En 2006, os Acordos Nacionais de Formación integraron a formación ocupacional e a formación continua nun único subsistema de formación profesional para o emprego recollido no RD 395/2007.

A conciencia acerca do valor da formación foise implantando ao longo destes anos e converténdose nunha realidade.

4.8.2. Regulación actual do sistema de formación profesional para o emprego

4.8.2.1. RD 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de profesional para o emprego

Sobres as bases sentadas polo IV Acordo Nacional de Formación do ano 2006, desenvólvese o Real decreto 395/2007, cuxas principais iniciativas foron:

- Formación bonificada de demanda da empresas e os permisos individuais de formación xestionados pola Fundación tripartita.
- Formación subvencionada ou de oferta dirixida á poboación ocupada, xestionada pola Fundación tripartita no ámbito estatal e polas CC.AA. no seu ámbito.
- Formación subvencionada ou de oferta dirixida a persoas desempregadas xestionada case na súa totalidade polas CC.AA.
- Programas específicos dirixidos a colectivos como menores de 30 anos.
- Formación dirixida a empregadas e empregados públicos.
- Formación en alternancia co emprego e formación teórica dos contratos de formación e aprendizaxe.
- Accións de apoio e acompañamento á formación.

4.8.2.2. lei 30/2015 do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral

A lei conta con catro obxectivos estratéxicos:

- Garantir o exercicio do dereito á formación de persoas traballadoras, empregadas e desempregadas.
- Posibilitar a contribución efectiva da formación á competitividade das empresas.
- Fortalecer a negociación colectiva na adecuación da oferta formativa.
- Asegurar a eficacia e transparencia na xestión dos recursos públicos.

4.8.2.3. Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral

Consta de seis capítulos.

CAPÍTULO I: Disposicións xerais

Nel recóllense aspectos relacionados coa planificación plurianual (3 anos) na que participan as organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Establécense as modalidades formativas e as persoas destinatarias, así como os límites e porcentaxes de participación.

CAPÍTULO II: Formación programada polas empresas

Establécese que a programación e xestión das accións formativas poderá realizarse polas empresas con flexibilidade nos contidos e momentos de impartición, sendo beneficiaria calquera empresa ou entidade pública calquera que sexa o seu tamaño, sector e localización, informando os representantes legais.

CAPÍTULO III: Oferta formativa para as persoas ocupadas.

Tomando como base o informe anual de prospección e detección de necesidades formativas prográmanse accións de formación sectorial, transversal e de cualificación e recoñecemento profesional.

Tamén se levará a cabo formación para traballadores e traballadoras autónomas e de economía social.

CAPÍTULO IV: Oferta formativa para persoas desempregadas

Apostarase por sectores innovadores e dando prioridade ao baixo nivel de cualificación, a necesidades educativas especiais ou con dificultade para a súa inserción ou recualificación.

Tamén se crean programas formativos que inclúen compromisos de contratación.

CAPÍTULO V: Outras iniciativas de formación

Neste capítulo recóllense os permisos individuais de formación, a formación en alternancia co emprego e a formación do persoal ao servizo da Administración pública.

CAPÍTULO VI: Réxime de funcionamento

As CC.AA. son competentes na programación, xestión, control e avaliación da formación profesional para o emprego no seu ámbito territorial e naqueles programas que transcendan ese ámbito requirirán unha actuación coordinada e homoxénea por parte do SEPE.

4.8.3. Formación de demanda

Regulada polo Real decreto 395/2007 nos anos 2016 e 2017. A partir de xaneiro de 2018 pasa a regularse no marco da Lei 3/2015 e denomínase “Formación programada polas empresas”.

Características da formación de demanda:

- Responder as necesidades de formación de cada empresa e de quen traballa nelas. Inclúe tanto as accións formativas como os permisos

individuais de formación. Este permiso individual é o que as empresas autorizan para realizar unha actividade formativa para a obtención dun título oficial ou certificado de profesionalidade, sen ter que estar relacionado coa actividade da empresa e cunha duración máxima de 200 horas.

- Correspóndelle á empresa a planificación e xestión das accións formativas, sendo a duración mínima de 6 horas.
- A formación irá destinada ao persoal asalariado de empresas ou entidades públicas non incluídas no ámbito das Administracións públicas, con relación laboral fixa discontinua en períodos de ocupación, que accedan a desemprego cando estean en período formativo ou acollidos a ERE en períodos de suspensión de emprego.

As empresas dispoñen dun crédito de formación e a Lei de orzamentos xerais do Estado establecerá un mínimo crédito en función do número de persoas que a empresa teña no seu cadro de persoal.

As empresas poderán organizar a formación por si mesmas con medios propios ou externos. Poderán optar por encomendar a organización a unha entidade externa e as de menos de 100 persoas poderán agruparse con criterios territoriais ou sectoriais.

Se analizamos os principais indicadores do ámbito estatal constatamos que en 2020 prodúcese un descenso de todos os indicadores. Descende un 11,8% o número de empresas formadoras, un 16,6% o número de participantes e só se dá un aumento na formación en liña e teleformación. O número de mulleres (45%) participantes segue sendo inferior ao de homes (55%).

Cadro 4.48

Formación de demanda. Evolución principais indicadores. Ámbito estatal. 2012-2020

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Empresas formadoras	459.620	478.621	471.590	439.188	367.770	355.507	360.052	339.846	299.727
Cobertura empresas ⁽¹⁾	31,1%	30,0%	29,7%	27,4%	22,7%	21,2%	21,2%	1980,0%	30,0%
Crédito asignado	799.922.865	802.189.822	785.704.096	784.331.843	761.399.133	785.460.00	1.147.000.000	1.178.000.000	n. d.
Crédito disposto	592.128.270	608.226.556	588.057.612	551.288.713	514.729.040	517.104.469	535.628.097	547.237.762	414.972.425
Ratio disposto	74,0%	75,8%	74,8%	70,3%	67,6%	65,8%	64,8%	6250,0%	n.d.
Persoas formadas	3.176.489	3.224.182	3.291.803	3.576.748	3.766.997	4.017.000	4.413.853	4.419.905	3.853.854
Cobertura participantes ⁽²⁾	27,4%	29,0%	28,9%	30,3%	30,9%	31,7%	33,6%	3420,0%	19,2%
Horas de formación	82.772.544	82.435.580	79.884.757	79.209.257	64.276.809	63.822.032	67.058.057	66.099.507	53.367.120
Duración media	26,1	25,6	24,3	22,2	17,1	15,9	0,2	14,0	13,5
PIF finalizados	18.909	30.226	13.666	9.403	6.492	6.034	5.178	5.621	4.317

n.d.: dato no disponible

(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TXSS.

(2) Porcentaxe de participantes formados/as sobre persoas asalariadas do sector privado EPA.

Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

En Galicia cos datos dispoñibles apréciase:

- Unha redución no número de empresas formadoras nun 11% menos e un leve aumento na duración media dos cursos.

- Un descenso de persoas formadas con case un 15% menos e un leve aumento na duración dos cursos.
- As horas de formación en Galicia supuxeron só o 5,6% do total de horas a nivel estatal.
- Aumento dos participantes en teleformación.

Cadro 4.49

Formación de demanda. Evolución principais indicadores. Galicia. 2011-2020

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Empresas formadoras	36.762	37.860	37.801	36.311	33.875	26.943	26.701	27.532	25.284	22.420
Cobertura empresas ⁽¹⁾	37,5%	39,1%	39,0%	38,3%	35,9%	28,5%		28,40%	27,9%	28,1%
Crédito disposto	31.705.794	31.008.366	31.187.872	29.068.392	26.534.427	22.682.453	23.090.974	24.176.849	24.483.747	20.866.329
Persoas formadas	170.482	169.835	173.282	173.381	184.270	183.787	155.814	207.372	223.278	188.995
Cobertura participantes ⁽²⁾	25,9%	27,6%	29,1%	29,3%	29,9%	29,30%	30,2%	30,37%	32,3%	19,4%
Horas de formación	5.400.651	5.223.026	5.141.169	4.859.014	4.735.227	2.952.199	2.990.632	3.447.595	3.450.803	3.004.361
Duración media	31,7	30,8	29,7	28,0	25,7	18,4	17,4	16,60%	15,50	15,90
PIF finalizados	101	1.433	1.895	653	387	240	164	204	216	143

n.d.: dato non dispoñible.

(1) Porcentaxe de empresas formadoras sobre empresas do sector privado de alta en TXSS.

(2) Porcentaxe de participantes formados/as sobre persoas asalariadas do sector privado EPA.

Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

A distribución das horas de formación segundo o sector de actividade, tanto en España como en Galicia concéntranse maioritariamente no sector servizos chegando ao 65,7% en Galicia e ao 72,9% no conxunto do Estado.


No sector industrial destaca Galicia destinando unha porcentaxe superior de horas de formación en comparación coas destinadas polo resto do Estado.

Cadro 4.50

Formación de demanda. Distribución sectorial das horas de formación. Galicia/España. 2018-2020

	2018				2019				2020			
	Galicia	%	España	%	Galicia	%	España	%	Galicia	%	España	%
Agricultura	61.576	2,0	918.190	1,4	63.954	1,9	888.349	1,3	61.580	2,05	799.268	1,50
Industria	827.794	26,6	12.223.706	18,7	785.839	22,8	12.453.242	18,8	636.755	21,19	9.371.473	17,56
Construción	320.635	10,3	4.457.930	6,8	362.463	10,5	4.684.139	7,1	330.892	11,01	4.260.926	7,98
Comercio	564.792	18,2	10.357.543	15,8	593.876	17,2	10.112.469	15,3	511.436	17,02	8.021.461	15,03
Hostalaría	242.962	7,8	4.705.254	7,2	241.077	7,0	4.643.325	7,0	208.206	6,93	3.611.898	6,77
Outros servizos	1.092.213	35,1	32.816.059	50,1	1.403.654	40,7	33.317.983	50,4	1.255.492	41,79	27.302.103	51,16
Total sectores	3.109.972	100,0	65.478.682	100,0	3.450.863	100,0	66.099.507	100,0	3.004.361	100,00	53.367.129	100,00

Fonte: Elaboración propia con datos da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.




A nivel provincial, destaca A Coruña co maior número de empresas formadoras e persoas formadas, seguida de Pontevedra.

Cadro 4.51

Formación de demanda. Principais indicadores-I. Galicia. Por provincias. 2020

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Empresas formadoras	8.729	3.176	2.714	7.801	22.420
% Provincia	22,5%	24,0%	24,8%	22,6%	100,0%
Persoas formadas	81.983	19.350	16.914	70.748	188.995
% Provincia	43,4%	10,2%	8,9%	37,4%	100,0%
% Provincia mulleres	42,7%	42,0%	45,5%	43,0%	
% Provincia homes	57,3%	58,0%	54,5%	57,0%	

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.



Neste cadro reflíctese o perfil das persoas participantes, sendo a franxa de idade de 36 a 45 anos, tanto en homes como en mulleres, a que maior número de participantes concentra. A franxa de idade entre 36 a 55 anos supón máis da metade das persoas formadas.

Cadro 4.52

Formación de demanda. Perfil das persoas formadas. Por idade. Galicia. 2020

ANOS	HOMES			MULLERES		
	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
De 16 a 25	6.261	5,3	24,0	5.061	5,3	31,3
De 26 a 35	24.891	21,0	22,1	23.253	24,2	28,7
De 36 a 45	40.575	34,2	20,2	35.051	36,5	24,2
De 46 a 55	36.157	30,5	18,7	25.962	27,1	20,3
Maiores de 55	10.697	9,0	17,1	6.636	6,9	17,1
Sen datos	15	0,0	9,5	8	0,0	30,1
Total	118.596	100,0	20,1	95.971	100,0	24,1

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

Segundo o nivel de estudos, son os homes con estudos primarios (EGB ou equivalente) os que concentran o maior número de participantes, seguido de homes con estudos secundarios (formación profesional, bacharelato, BUP ou equivalente). Estes dous niveis concentran en torno ao 69 % dos homes.

No grupo de mulleres son as de estudos terciarios as que maior número de participantes presentan, 42% en 2020.


A duración media das horas de formación no colectivo feminino é maior no nivel de estudos terciarios (arquitectura, enxeñería, licenciatura...) cun 28,3%, mentres que no masculino alcanzan o 24,2% en 2020.

Cadro 4.53

Formación de demanda. Perfil das persoas formadas. Por nivel de estudos. Galicia. 2020

NIVEL DE ESTUDOS	HOMES			MULLERES		
	Participantes formados	%	Duración media	Participantes formados	%	Duración media
Estudos primarios	47.192	39,8	17,4	24.896	25,9	17,8
Estudos secundarios	34.531	29,1	19,7	28.313	29,5	23,8
Estudos terciarios	34.433	29,0	24,2	40.213	41,9	28,3
Outras titulacións	2.026	1,7	18,6	2.178	2,3	23,0
Sin datos	414	0,30	25,50	371	0,40	27,50

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.



Se é o tamaño da empresa a variable a ter en conta, son as de entre 10 a 49 persoas traballadoras as que reúnen o maior número de participantes formados no grupo de homes e as de máis de 4.999 no de mulleres.

En canto á duración media, non é directamente proporcional ao número de traballadores e traballadoras, nalgúns tramos, a menor número, maiores son as horas de formación. Como exemplo en 2020 no colectivo feminino e en empresas de 1 a 5 persoas dedicáronse unha media de 46 horas e nos homes a media alcanzou 43,8 horas de formación.

O sector de actividade que concentra maior número de mulleres formadas é o de “outros servizos” seguida de comercio, mentres que no grupo de homes é “outros servizos”, seguida da industria.

Cadro 4.54

**Formación de demanda. Perfil das persoas formadas.
Por tamaño da empresa e sector de actividade. Galicia. 2020**

	HOMES			MULLERES		
	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
TAMAÑO DA EMPRESA						
De 1 a 5	9.325	8,60	34,20	7.730	9,50	43,80
De 6 a 9	5.462	5,10	24,00	3.105	3,80	31,60
De 10 a 49	24.539	22,80	17,30	11.997	14,80	22,20
De 50 a 99	10.437	9,70	14,80	5.975	7,40	16,10
De 100 a 249	12.162	11,30	12,90	6.615	8,10	14,20
De 250 a 499	6.110	5,70	14,00	4.759	5,90	14,00
De 500 a 999	8.752	8,10	10,70	7.028	8,60	8,80
De 1.000 a 4.999	9.634	8,90	11,90	11.996	14,80	11,10
Más de 4.999	21.392	19,90	9,70	22.066	27,20	7,40
SECTOR DE ACTIVIDADE						
Agricultura	2.173	2,00	23,20	389	0,50	28,60
Industria	30.741	28,50	15,00	9.912	12,20	17,80
Comercio	13.613	12,60	18,80	13.985	17,20	18,20
Construción	17.122	15,90	16,60	1.569	1,90	29,50
Hostalaría	2.743	2,50	28,20	4.954	6,10	26,40
Outros servizos	41.331	38,40	13,50	50.463	62,10	13,80

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.


Con respecto á modalidade de formación, a presencial experimentou un acusado descenso pasando do 78% ao 50,7% de persoas participantes, mentres que a teleformación experimentou un importante aumento quedando no 48%. A duración media é inversamente proporcional ao número de participantes, xa que a modalidade presencial só tivo unha media de duración de 10,8 horas, fronte á modalidade mixta que foi de 40,1 horas.

Cadro 4.55

Formación de demanda. Persoas formadas segundo tipoloxía da formación. Galicia. 2018-2020

MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	TOTALS 2018			TOTALS 2019			TOTALS 2020		
	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media	Persoas formadas	%	Duración media
Presencial	148.654	78,00	10,90	163.155	73,10	10,10	95.790	50,70	10,80
Mixta	3.204	1,70	44,20	3.052	1,40	44,80	2.637	1,40	40,10
Teleformación	38.651	20,30	26,20	57.071	25,60	29,30	90.568	47,90	29,30

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.



Se a variable de referencia son as familias profesionais, aprécianse diferenzas segundo sexan homes ou mulleres os participantes. No primeiro caso é a de “seguridade e medio ambiente” a de maior presenza co 42,8%, seguida de “administración e xestión” co 17,3%. No caso das mulleres o primeiro lugar ocúpao “administración e xestión” co 26,3%, seguida de “seguridade e medio ambiente” 25,5%.

Cadro 4.56

Formación de demanda. Persoas formadas segundo familia profesional. Galicia. 2020

FAMILIA PROFESIONAL ⁽¹⁾	HOMES			MULLERES		
	Participantes	%	Duración media	Participantes	%	Duración media
Actividades físicas e deportivas	170	0,14	31,20	141	0,15	28,00
Administración e xestión	20.544	17,32	15,00	25.232	26,29	18,80
Agraria	498	0,42	42,20	249	0,26	45,80
Artes gráficas	402	0,34	42,00	289	0,30	51,30
Comercio e marketing	8.220	6,93	23,10	9.612	10,02	35,10
Edificación e obra civil	2.358	1,99	26,20	381	0,40	48,10
Electricidade e electrónica	866	0,73	44,10	70	0,07	76,80
Enerxía e auga	1.274	1,07	37,30	206	0,21	47,00
Fabricación mecánica	1.512	1,27	33,30	317	0,33	34,60
Hostalaría e turismo	721	0,61	44,01	1.070	1,11	46,90
Industrias alimentarias	3.720	3,14	18,00	7.318	7,63	18,10
Industrias extractivas	154	0,13	11,80	19	0,02	7,80
Informática e comunicacións	7.155	6,03	39,50	6.653	6,93	38,10
Instalación e mantemento	2.409	2,03	31,70	263	0,27	37,70
Sanidade	1.057	0,89	22,60	4.204	4,38	29,80
Seguridade e medio ambiente	50.820	42,85	13,60	14.449	25,48	14,60
Servizos socioculturais e á comunidade	4.928	4,16	25,10	8.704	9,07	32,10
Transporte e mantemento de vehículos	6.084	5,13	30,60	502	0,52	35,80
Formación complementaria	4.521	3,81	26,60	4.927	5,13	31,30

(1) Por familia profesional enténdese o conxunto de cualificacións en que se estrutura no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, atendendo a criterios de afinidade da competencia profesional. Hai 26 familias profesionais. Neste cadro téñense en conta tan só aquelas familias profesionais máis representativas.

A porcentaxe refírese ao tanto por cento de todos as persoas formadas en todas as familias profesionais.

Fonte: Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

4.8.4. Formación de oferta

As accións formativas subvencionadas están dirixidas a cubrir as necesidades non cubertas pola formación programada polas empresas para o seu persoal.

A formación de oferta abarca accións formativas das administracións laborais e comprenden as seguintes iniciativas:

4.8.4.1. Oferta formativa para persoas ocupadas

- Programas formativos sectoriais.
- Programas formativos transversais.
- Programas de cualificación e recoñecemento profesional.

Esta oferta atende ás necesidades formativas non cubertas polas empresas e desenvólvense de forma complementaria.

Poderán participar ademais das persoas ocupadas, as desempregadas nas porcentaxes que se establezan.

O obxecto desta oferta é atender os requirimentos de produtividade e competitividade das empresas e ás necesidades de adaptación aos cambios no sistema produtivo, do mesmo xeito que ás necesidades de promoción, desenvolvemento persoal e mellora da empregabilidade.

As actividades de formación que se levaron a cabo durante o 2020 son dos Plans de Formación dos anos 2014, 2016, e 2018. A maioría das persoas participantes son do Programa de 2018, seguido do Programa en competencias dixitais TIC 2018, tanto en España como en Galicia.

Das persoas participantes comunicadas, tres de cada catro son ocupadas e un 25% desempregadas. A taxa media de cobertura formativa nacional é de 2% entre a poboación ocupada (2,2% en Galicia) e do 3,1% entre a desempregada (4% en Galicia).

Cadro 4.57

Formación subvencionada. Indicacións globais. Galicia/España. 2020

CONVOCATORIA	PARTICIPANTES		HORAS FORMACION		DURACION MEDIA	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Programas 2018	336.874	20.549	24.405.868	1.379.816	72,4	67,1
Programas formación Tic 2018	78.974	3.890	4.973.999	269.121	63,0	69,2
DS e negociación Coletiva	12.688	781	357.334	20.426	28,2	26,2
Plans de formación 2016	6.191	348	347.618	21.014	56,1	60,4
Plans de formación 2014	107	4	5.735	160	53,6	40,0
Programas Ceuta e Melilla 2019	60	0	2.890	0	48,2	0,0
Total	434.894	25.572	30.093.444	1.690.537	69,2	66,1

Elaboración propia con datos da FUNDAE.

Cadro 4.58

Formación subvencionada. Indicacións globais por modalidade e porcentaxes de nivel de estudos e sexo. Galicia/España. 2020

	España	Galicia
PARTICIPANTES POR MODALIDADE		
Teleformación	311.818,0	18.078,0
Presencial	95.717,0	6.189,0
Mixta	27.359,0	1.305,0
NIVEL DE ESTUDOS		
Primarios	25,2	22,9
Secundarios	27,5	25,6
Terciarios	46,9	51,2
Outras titulacións	0,4	0,3
XÉNERO		
Home	41,7	42,5
Muller	58,3	57,5

Elaboración propia con datos da FUNDAE.

En relación coa modalidade de formación é a teleformación a que conta con maior número de participantes, seguida da presencial.

Segundo o nivel de estudos, tanto en España como en Galicia, son as persoas con estudos terciarios as que acumulan maior porcentaxe de participantes. E como en anos anteriores hai maior presenza masculina, 57,5% en Galicia e 58,3% en España, fronte a 42,5% de mulleres en Galicia e 41,7% en España.

4.8.4.2. Oferta formativa para persoas desempregadas

- Programas de formación dos Servizos Públicos de Emprego.
- Programas específicos de formación.
- Programas formativos con compromiso de contratación.

Para o ano 2020 e debido á crise COVID-19 non hai datos facilitados polas Administracións encargadas da súa execución.

4.8.5. Outras iniciativas de formación

4.8.5.1. Permisos individuais de formación (PIF)

Cando a empresa conceda un PIF, entenderase cumprido o dereito ao permiso retribuído de 20 horas anuais de formación.

Na Comunidade de Galicia os datos en 2020 son:

	Home	Muller	Total
Participantes	89	54	143
Horas de permiso	5.311	3.033	8.344

En **España** en 2020:

	Home	Muller	Total
Participantes	2.397	1.920	4.317
Horas de permiso	151.450	103.548	254.998

Tanto en España como en Galicia é maior o número de participantes homes e en consecuencia maior o número de horas de permiso de formación. Con relación ao 2019 tanto en Galicia como en España prodúcese un notable descenso tanto de participantes como de horas de formación, a explicación do descenso está sen dúbida na crise sanitaria.

4.8.5.2. Formación en alternancia co emprego

Integrada polos programas públicos de emprego-formación, que inclúen os programas de escolas-obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación e emprego.

As escolas-obradoiro e casas de oficios son programas públicos de emprego-formación que teñen como finalidade a inserción laboral de mozas e mozos sen emprego menores de 25 anos a través de formación en alternancia co emprego, a práctica profesional en ocupacións relacionadas coa recuperación patrimonial do patrimonio histórico, artístico, cultural ou natural.

Os obradoiros de emprego combinan formación e emprego dirixidos a desempregadas e desempregados de 25 ou máis anos, con dificultades de inserción laboral (persoas desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres, persoas con discapacidade...). Participan en obras ou servizos de utilidade pública recibindo unha formación relacionada coa actividade e cunha duración mínima de 6 meses e máxima dun ano.

Do mesmo xeito que no caso da formación para persoas desempregadas, para o ano 2020 e debido á crise COVID-19 non hai datos facilitados polas Administracións encargadas da súa execución.